

## A N U N C I O

*Proceso selectivo por concurso-oposición para praza de técnico/a de museos  
Listaxe definitiva aspirantes admitidos e excluídos, nomeamento Tribunal  
cualificador e data fase concurso.*

No procedemento de referencia, o Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, ditou o decreto núm.90 /2022 de data 10 de marzo, do seguinte contido:

### **“DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

**Expte: 2021/E001/000009**

**Proceso selectivo por concurso-oposición para praza de técnico/a museos.**

**Asunto: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/excluídos; nomeamento Tribunal e data constitución do mesmo, realización fase concurso.**

Visto o expediente que se tramita para a provisión en propiedade dunha praza de técnico de museos (funcionario de carreira, grupo A2, escala: Administración Especial, Subescala: servizos especiais), en desenvolvemento da OEP do Concello de Valdoviño do ano 2021, segundo bases de selección aprobadas e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na web municipal e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello; publicado anuncio da convocatoria no DOG e no BOE; publicada a relación provisional de aspirantes admitidos/as e de aspirantes excluídos/a no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 11 de 18.01.22, para a subsanacións dos defectos e a efectos de reclamacións, e rematado o prazo de presentación polos interesados das que considerasen convintes; resultando que non se presentou ningunha.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e en consonancia coas bases da convocatoria que rexe este proceso selectivo, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluír definitivamente do proceso ás persoas excluídas inicialmente por non emendar os defectos; listaxe publicada no BOP nº 11 de 18.01.22 seguinte:

LISTAXE:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>ADMITIDOS/EXCLUIDOS</b>
Brey Hermo, Laura	***8958**	ADMITIDA
Caruncho Abellanas, Lucía	***3602**	ADMITIDA
Castro Vigo, Eva	***6128**	ADMITIDA
Darriba Barba, Xermán	***0546**	ADMITIDO
Díaz Pampín, María América	***2382**	ADMITIDA

Fornos Saavedra, María Victoria	***1665**	ADMITIDA
García Caneiro, Ana María	***1304**	ADMITIDA
García Gen, Clara	***0258**	ADMITIDA
López Oteyza, Gens Cibrao	***1893**	ADMITIDO
Lorenzo Goiriz, Carolina	***7220**	ADMITIDA
Pérez Pérez, María Ángeles Carolina	***5148**	ADMITIDA
Rodríguez Rodríguez, Diana María	***9606**	ADMITIDA
Rosas Alonso, María Reyes	***3444**	ADMITIDA
Vázquez Liñeira, Jorge	***2139**	EXCLUIDO (non ten a titulación requerida)
Vázquez Martínez, Alia	***0676**	ADMITIDA
Vidal Ruzo, Cristina	***2335**	EXCLUIDA (o título de Humanidades non acredita que sexa en Patrimonio e Xestión cultural)

**Segundo.-** O Tribunal Cualificador, estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria do Concello de Valdoviño.

*Suplente.- Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo.*

Secretaria.- Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria do Concello de Valdoviño (área secretaría).

*Suplente.- Senén Martínez Prieto, funcionario do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos)*

Vogais.-

Titular.- Elisa Marqués Parrilla.- Interventora do Concello de Valdoviño.

*Suplente.- Carlos Abeledo González, arquitecto do Concello de Valdoviño*

Titular.- Manuel Larrosa Rodriguez, secretario-interventor no Concello de Ares.

*Suplente.- Baldomero Beceiro Alonso, secretario-interventor no Concello de Monfêro.*

Titular.- Daniel Iglesias Pintado, policía local do Concello de Valdoviño.

*Suplente.- Rita Díaz González, técnico Cultura do Concello de Valdoviño.*

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificandollo á autoridade convocante cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

Asemade, os aspirantes poderán recusalos cando concorran ditas circunstancias (art. 24 da Lei antedita no parágrafo anterior).

**Terceiro.-** O Tribunal constituirase o día 22 de marzo de 2022 ás dez horas, na Casa do Concello e realizará a súa primeira sesión: fase concurso (con carácter previo á fase da oposición e que non terá carácter eliminatorio), de conformidade coa estipulado na base sétima .- Fase concurso das bases da convocatoria.

**Cuarto.-** Publíquese o presente decreto no BOP, na páxina web municipal ([www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com)) e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O que se fai público para coñecemento dos interesados.

Valdoviño, 10 de marzo de 2022

O alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández